

**I. OS ORZAMENTOS XERAIS DA
COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA PARA O ANO 2007**

1. Ámbito dos orzamentos, contido e estrutura

Ámbito orzamentario

A Lei de Orzamentos, en virtude do principio de universalidade polo que se rexe e como norma que disciplina a actividade económica-financeira da Comunidade Autónoma, reflicte a totalidade dos gastos e ingresos do sector público autonómico.

Conforme a ese principio, o texto refundido da Lei de Réxime Financiero e Orzamentario establece que os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma estarán integrados por:

- a) O orzamentos da Comunidade Autónoma.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos de explotación e de capital das sociedades públicas.
- d) Os orzamentos dos demais entes públicos aos que fai referencia o artigo 12 da indicada lei.

No orzamento da Comunidade, tamén chamado da Administración Xeral, aparecen incluídas as diferentes consellerías, órganos sen personalidade xurídica diferenciada que constitúen a Administración autonómica en sentido estrito. Inclúense ademais outra serie de organismos, de carácter estatutario, nalgún caso, ou que teñen a súa orixe nunha lei ordinaria na que se prevé a integración dos seus orzamentos nos da Comunidade Autónoma, como son o Parlamento de Galicia, o Consello de Contas, o Consello da Cultura Galega e o Consello Consultivo. Finalmente, tanto pola peculiaridade das súas características coma pola especial natureza do gasto, aparecen recollidos de forma singularizada, en seccións independentes, as Transferencias as Corporacións Locais, a Débeda Pública e os Gastos de Diversas Consellerías.

No que atinxe a denominada Administración Institucional, podemos distinguir, por un lado, os orzamentos dos organismos autónomos, que son entes de dereito público que realizan funcións ou actividades da competencia da Comunidade Autónoma en réxime de descentralización administrativa, e, por outro, os orzamentos das Sociedades Públicas Autonómicas, tanto as de carácter mercantil con capital participado maioritariamente pola Comunidade Autónoma, como as entidades de dereito público con personalidade xurídica propia que por lei teñan que adecuar a súa actividade ao ordenamento xurídico privado.

Como organismos autónomos figuran os seguintes:

- a) De carácter administrativo:
 - Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
 - Escola Galega de Administración Pública.
 - Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.
 - Instituto Galego de Estatística.
 - Tribunal Galego de Defensa da Competencia.
 - Instituto Galego de Consumo.
 - Servizo Galego de Saúde.
 - Augas de Galicia.
- b) De carácter comercial, industrial e financeiro ou análogo:
 - Fondo Galego de Garantía Agraria.
 - Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.
 - Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Co carácter de Entes públicos de dereito privado, os orzamentos para o ano 2007 inclúen os seguintes:

- a) Adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia:
 - Compañía de Radiotelevisión de Galicia, que consolida os seus orzamentos con Televisión de Galicia, S.A., e Radiotelevisión de Galicia, S.A., sociedades por ela constituídas.

- b) Adscritos á Consellería de Economía e Facenda:
 - Consello Económico Social.
 - Instituto Galego de Promoción Económica.
 - Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable.
- c) Adscrito á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes:
 - Portos de Galicia.
- d) Adscrito á Consellería de Innovación e Industria:
 - Instituto Enerxético de Galicia.
- e) Adscrita á Consellería do Medio Rural:
 - Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- f) Adscrita á Consellería de Cultura e Deporte:
 - Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- g) Adscritas ao Servizo Galego de Saúde:
 - Fundación Pública Hospital de Verín.
 - Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía.
 - Fundación Pública Hospital Comarcal Virxe da Xunqueira.
 - Fundación Pública Hospital Comarcal da Barbanza.
 - Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.
 - Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia.
 - Fundación Pública Hospital Comarcal do Salnés.
 - Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.
 - Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.
- h) Adscrito á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos:
 - Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.
- i) Adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:
 - Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

No ano 2007, as sociedades mercantís nas que o sector público autonómico posúe a participación maioritaria no seu capital son as que se indican de seguido, con expresión do departamento ao que figuran adscritas:

- a) Presidencia da Xunta de Galicia:
 - Televisión de Galicia, S.A.
 - Radiotelevisión de Galicia, S.A.
 - Redes de Telecomunicación Galegas, Retegal, S.A.
- b) Consellería de Economía e Facenda:
 - Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A.
 - S.A. para o Desenvolvemento Industrial de Galicia.
 - Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.
 - Xes Galicia, S.A.
 - Sociedade Pública Autoestrada Alto de S. Domingo-Ourense, S.A.
- c) Consellería de Innovación e Industria:
 - Galicia Calidade, S.A.
 - Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia.
 - Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo.
 - Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A.
- d) Consellería do Medio Rural:
 - Xenética Fontao, S.A.
 - Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia.
- e) Consellería de Sanidade:
 - Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A.
- f) Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:
 - Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.
- g) Consellería de Vivenda e Solo:
 - Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.
 - Xestión Urbanística de Lugo, S.A.
 - Xestión Urbanística de Ourense, S.A.
 - Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.


ÁMBITO DOS ORZAMENTOS XERAIS PARA O ANO 2007

Comunidade autónoma	OO.AA.		Sociedades Públicas	
	Administrativos	Comerciais, ind. e financ.	Entes públicos	Sociedades mercantís
SECCIÓNS				
Parlamento				
Consello de Contas				
Consello Cultura Galega				
Presidencia da Xunta			- CRTVG	- TVG S.A. - RTVG S.A. - RETEGAL S.A.
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	- SGPIHM			
Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	- EGAP - CEXSPG			
Economía e Facenda	- IGE - Tribunal Galego - Defensa Compet.		- CES - IGAPE - CIXTEC	- CEEI Galicia S.A. - SODIGA - SPI Galicia S.A. - XES Galicia S.A. - Autoestrada A de S. Dom-Ourense S.A.
Política Territorial, Obras Públicas e Transporte			- Portos de Galicia	
Innovación e Industria	- IGC		- Instituto Enerxético de Galicia	- S.A. Centro Supercomput. de Galicia - Galicia Calidade S.A. - S.A. Xestión Xacobeo - S.I.P.T. Galicia S.A.
Medio Rural		- FOGGA	- Axencia Galega de Desenv. Rural	- S.A. Des. Comarcal - Xenética Fontao S.A.
Cultura e Deporte		- IGAEM	- F. Cidade da Cultura de Galicia	
Sanidade	- SERGAS		- F.P.H.Verín - F.I.G.Oftalmoloxía - F.P.H.V.Xunqueira - F.P.H.C.Barbanza - F.P.E.G.Admón.Sanit. - F.P.Urxencias Sanitarias Galicia - F.P.H.C. do Salnés - F.P.C.Transfusión - F.P. de Medicina Xenómica	- MEDTEC S.A.
Pesca e Asuntos Marítimos			- Inst. Tecnolóxico Control Medio Mariño	
Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	- Augas de Galicia		- Empresa Púb. Obras e Servizos H.	- SOGAMA S.A.
Traballo				
Vivenda e Solo		- IGVS		- Xestur Coruña S.A. - Xestur Lugo S.A. - Xestur Ourense S.A. - Xestur Pontevedra S.A.
Consello Consultivo de Galicia				
Transferencias a CC.LL.				
Débeda Pública				
Gastos Diversas				
Consellerías				

Contido dos orzamentos

Respecto ao seu contido, podemos distinguir, dous compoñentes claramente diferenciados na Lei de Orzamentos: o texto articulado, e os estados numéricos.

O núcleo básico do texto articulado da Lei está constituído pola aprobación dos orzamentos, é dicir, a previsión dos ingresos que se espera realizar durante o exercicio e a autorización dos gastos que como máximo poderán ser executados. Figuran ademais incluídas unha serie de normas de carácter económico-financeiro que se consideran necesarias para desenvolver unha mellor xestión dos recursos e dos créditos orzamentarios.



Pola súa parte, os estados numéricos especifican e detallan as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio, e a distribución dos créditos que se asignan ó cumprimento dos diferentes programas de gasto, así como os estados financeiros das sociedades públicas e dos organismos autónomos comerciais, industriais ou financeiros.

Estrutura orzamentaria


No referente a súa estrutura os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma axustaranse ás seguintes regras:

- a) Os estados de gastos son elaborados aplicando unha clasificación funcional por programas, que identifica a finalidade do gasto. Por outro lado, a clasificación orgánica proporciona información sobre o axente que realiza o gasto, e a clasificación económica identifica a natureza do mesmo.
- b) Para cada programa de gasto establécense os obxectivos que se pretenden conseguir cos recursos que se lle asignan, e tamén, cando resulta posible, os indicadores de seguimento que se consideran adecuados para analizar o grao de consecución deses obxectivos.
- c) Os gastos correntes e os gastos de capital preséntanse de forma separada, e a súa clasificación económica seguirá os seguintes criterios:
 1. Nos créditos para gastos correntes distinguiranse os necesarios para o funcionamento dos servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.
 2. Nos créditos para gastos de capital distinguiranse os de investimentos reais, as transferencias de capital e as variacións de activos e pasivos financeiros.

Conforme ás regras indicadas o gasto orzamentario adopta unha triple clasificación:

- **Funcional por programas**, que permite coñecer o destino ou finalidade do gasto.
- **Orgánica**, que identifica ao órgano xestor que asume a realización do gasto.
- **Económica**, que informa sobre a concreción do gasto segundo a súa natureza económica.

Polo que respecta aos estados de ingresos, que expresan a contía e natureza da totalidade dos recursos previstos para o financiamento dos gastos do exercicio, presentan unha clasificación económica, na que se distingue entre os que corresponden a operacións correntes e a operacións de capital, e unha clasificación orgánica que se corresponde cun único centro xestor na Administración Xeral e con centros diferenciados por cada un dos organismos autónomos.



Por último, en canto a estrutura orzamentaria, hai que resaltar as peculiaridades propias dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, e das sociedades públicas, que determinan a súa diferenza respecto da estrutura establecida para a Administración Xeral e para os organismos autónomos administrativos.

Os organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos están obrigados a presentar unha conta de operacións comerciais, unha conta de explotación, o estado demostrativo da variación do fondo de manobra e o cadro de financiamento.

As sociedades deberán presentar uns orzamentos de explotación e de capital, un cadro de financiamento, un balance de situación e unha conta de perdas e ganancias. Ademais, no caso de realizaren investimentos en infraestruturas públicas aportarán a descrición deles, así como, no seu caso, indicación das plurianualidades en que se desenvolverán os respectivos proxectos e as súas fontes de financiamento.

2. Obxectivos e prioridades

Os orzamentos do ano 2007 continúan profundizando no cambio de orientación da política económica desenvolta polo Goberno da Comunidade Autónoma, iniciado no anterior exercicio. Esa revisión dos postulados básicos que inspiran a actuación do sector público autonómico persegue a progresiva adaptación da economía galega ás esixencias dun entorno cada vez máis competitivo, que fai necesaria a implantación de estratexias decididas en favor dos factores con maior capacidade para reforzar a calidade do sistema produtivo, no contexto dunha crecente globalización económica e das particularidades derivadas da ampliación da Unión Europea.

Con esa finalidade, estes orzamentos, en liña cos enunciados comunitarios da axenda de Lisboa, incorporan unha serie de prioridades dirixidas a impulsar a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico. Dentro dun proceso de longo recorrido que apoiarase simultaneamente na atención prestada á educación e á formación de capital humano e na dotación adecuada de infraestruturas de carácter estratéxico, que haberán de servir de plataforma ao crecemento sostible da economía de Galicia e á xeración de emprego, reforzada ademais neste último caso por actuacións específicas de fomento da empregabilidade e de cualificación dos traballadores.

Ao mesmo tempo, o compromiso coa mellora do benestar e o fortalecemento da cohesión social, da que tamén forma parte o reequilibrio territorial de Galicia, constitúe un obxectivo clave da actuación de goberno. Nese sentido hai que entender tanto o considerable esforzo realizado no ano 2007 na dotación de recursos asignados á prestación de servizos sanitarios, como a atención outorgada á implantación de servizos destinados a paliar os efectos das situacións de dependencia, ou a mellora incorporada ao tratamento da renda de integración social nesta Comunidade Autónoma, e o propio impulso que recibe neste exercicio a política de vivenda.

Todas esas actuacións son obxecto de atención prioritaria nos orzamentos do ano 2007 e aparecen resumidas no cadro que se inclúe a continuación.

Áreas de actuación prioritaria		
(Millóns de euros)		
	Dotación	Evolución 07 / 06
1 Educación e formación de capital humano	2.161	8,0%
Prioridades sectoriais:		
- Ensinanzas universitarias		
- Gratuidade dos libros de texto		
- Promoción educativa: prevención do abandono escolar		
- Acompañante no transporte escolar		
- Servizo de comedores escolares		
2 Investigación, desenvolvemento e innovación	401	17,0%
Prioridades sectoriais:		
- Plan galego de I+D		
- Sociedade da información e do coñecemento		
- Desenvolvemento empresarial		
- Apoio á modernización, mellora da produtividade		
- Soporte de actividade industrial		
3 Infraestruturas	1.494	11,4%
Prioridades sectoriais:		
- Accesibilidade e transporte		
- Construción e conservación de estradas		
- Promoción de solo para actividades económicas		
4 Emprego estable e de calidade	331	11,0%
Prioridades sectoriais:		
- Mellora e fomento da empregabilidade		
- Mellora da cualificación no emprego		
- Seguridade no traballo e prevención de riscos laborais		
5 Gasto social	4.001	8,0%
Sanidade		
Prioridades sectoriais:		
- Plan de saúde dental		
- Loita contra a drogodependencia		
Atención a dependentes		
Prioridades sectoriais:		
- Prazas residenciais para persoas dependentes		
- Igualdade e protección da muller		
- Apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero		
Vivenda		
Prioridades sectoriais:		
- Rehabilitación de vivendas		
- Acceso á vivenda		
6 Reequilibrio territorial	225	9,9%
Prioridades sectoriais:		
- Dinamización do medio rural e costeiro		
- Valorización do medio rural e da costa		
- Accesibilidade e transporte		
- Medio ambiente		
- Equipamento servizos primarios		
- Dinamización económica		
- Recuperación urbana e patrimonio		

